



## ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2021-0192, con data de 28/01/2021, pola que aprobou a lista provisional das persoas admitidas no proceso selectivo que se convocou para o nomeamento de POLICÍAS LOCAIS en comisións de servizos, na cal se establece o seguinte,

### “RESOLUCIÓN

Os criterios da convocatoria do proceso selectivo que se convocou para o nomeamento de POLICÍAS LOCAIS en comisións de servizos publicáronse integramente no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm.: 219, do 12/11/2020, na sede electrónica, na páxina web ([www.redondela.gal- apartado de emprego público, persoal funcionario](http://www.redondela.gal- apartado de emprego público, persoal funcionario)) e no taboleiro de anuncios do Concello.

O extracto da convocatoria publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm.: 245, do 04/12/2020.

O prazo de presentación de instancias de 10 días hábiles iniciouse o día 7 de decembro e rematou o día 21 de decembro do 2020.

Tras expirar o antedito prazo e de conformidade co disposto nestes criterios que se aprobaron por Resolución da Alcaldía núm.: 2020-2634, con data de 03/11/2020, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO,

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter provisional**, no proceso selectivo que se convocou para o nomeamento de policías locais en comisión de servizos, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	ABOLLO RODRÍGUEZ, DAVID	*****558-Q
2	NAVEIRO RENDO, PABLO	*****250-E



3	SÁNCHEZ CEBREIRO, HAROLDO	*****163-F
---	---------------------------	------------

\*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), núm.: 50, do 13/03/2015, o feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Poderanse presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo tribunal, no prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta relación.

Estas enmendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin dos requisitos establecidos.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: [persoal@redondela.gal](mailto:persoal@redondela.gal), con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións.

De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a lista definitiva que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Na resolución pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, no seu caso, designarase o tribunal cualificador e se fixará a data, hora e lugar de realización da valoración de méritos. Entre a publicación do anuncio da lista definitiva e o inicio desta fase non poderá haber menos de cinco días hábiles.

TERCEIRO: Publicar a lista provisional de persoas admitidas neste proceso selectivo na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios deste concello."

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

